

**ACTA NÚMERO: 43/2022**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2022.**

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 4 de novembro de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular
- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodriguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 27 de outubro de 2022 (Reunión 42/2022).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Faro de Vigo, S.A.U., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio dos premios "Emilia Pardo Bazán no País das Rías". (Expte. 2022056559).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa RIAS BAIIXAS COMUNICACION S.A. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a Contratación de Rías Baixas Comunicación, S.A. para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023). (Expte.- 2022061641).*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Balizamento na E.P. 8001 Caldas-Carracedo-Catoira (Caldas de Reis)". (Expte.- 2022039818).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe". (Expte.- 2021004064).*
6. *Apertura electrónica dos sobre "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "Servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento do Centro de Proceso de Datos de Respaldo (CPDR) da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2022039721).*

Non asiste o vogal permanente da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro,



económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 27 de outubro de 2022 (Reunión 42/2022).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior do día, 27 de outubro de 2022 (Reunión 42/2022).

**2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Faro de Vigo, S.A.U., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio dos premios "Emilia Pardo Bazán no País das Rías". (Expte. 2022056559).**

Por Resolución Presidencial nº 2022007494 de data 24/10/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade do patrocinio dos premios "Emilia Pardo Bazán no País das Rías".

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 14 de outubro de 2022.

A empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815) presentou a proposición con data 27/10/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	66.115,70 €
IVE (21 %)	13.884,30 €
Importe ofertado con IVE	80.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio publicitario dos premios "Emilia Pardo Bazán no País das Rías".



**3. Dar conta da oferta presentada pola empresa RIAS BAIXAS COMUNICACION S.A. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a Contratación de Rías Baixas Comunicación, S.A. para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023). (Expte.- 2022061641).**

Por Resolución Presidencial número 2022007684 de data 28/10/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Rías Baixas Comunicación S.A. (A36643674) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 28/10/2022.

A empresa Rías Baixas Comunicación S.A. (A36643674) presentou a proposición con data 28/10/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	74.380,17 €
--------------------------	-------------

Porcentaxe de desconto ofertado sobre os prezos de licitación: 0%

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Rías Baixas Comunicación S.A. (A36643674) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2023.

**4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Balizamento na E.P. 8001 Caldas-Carracedo-Catoira (Caldas de Reis)". (Expte.- 2022039818).**

O Secretario informa que por Resolución Presidencial número 2022006366 de data, 8 de setembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Balizamento na E.P. 8001 Caldas-Carracedo-Catoira (Caldas de Reis)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 9 de setembro de 2022. Así mesmo,



publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 13/10/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres “únicos” correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Balizamento na E.P. 8001 Caldas-Carracedo-Catoira (Caldas de Reis)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- API MOVILIDAD, S.A.
- SEÑALIZACIONES NORTE, S.L.
- SEÑALIZACIONES PEÑA, S.L.
- SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.
- ACEINSA SALAMANCA, S.A.
- ACEINSA MOVILIDAD, S.A.

A Mesa observa que as empresas ACEINSA SALAMANCA, S.A. e ACEINSA MOVILIDAD, S.A. pertencen ó mesmo grupo empresarial.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
API MOVILIDAD, S.A.	78.141,94 €	3%	36 MESES	SI	SI
SEÑALIZACIONES NORTE, S.L.	74.977,18 €	3%	36 MESES	NO	NO
SEÑALIZACIONES PEÑA, S.L.	80.200,00 €	3%	36 MESES	NO	NO
SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	81.490,80 €	3%	36 MESES	SI	SI
ACEINSA SALAMANCA, S.A.	74.500,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	76.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas por SEÑALIZACIONES NORTE, S.L. e ACEINSA SALAMANCA, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiñan valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da Mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refiría ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxeran para executar este contrato.



Rematado o prazo do requirimento, ACEINSA SALAMANCA, S.A. e SEÑALIZACIONES NORTE, S.L., presentaron as súa xustificacións en prazo, remitindo as mesmas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais a efectos de emitir o preceptivo informe.

Con data 28/10/2022 o xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas emitiu sendos informes, recollendo nos mesmos que ACEINSA SALAMANCA, S.A. e SEÑALIZACIONES NORTE, S.L., non xustifican de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentadas polas citadas empresas, e non deben de ser tidas en conta no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na reunión de data 03/11/2022, procedeu á valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
API MOVILIDAD, S.A.	40,58	10,00	10,00	5,00	65,58
SEÑALIZACIONES PEÑA, S.L.	31,46	10,00	10,00	0,00	51,46
SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	25,67	10,00	10,00	5,00	50,67
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	49,90	10,00	10,00	5,00	74,90

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento as ofertas presentadas polas empresas ACEINSA SALAMANCA, S.A. e SEÑALIZACIONES NORTE, S.L, pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Balizamento na E.P. 8001 Caldas-Carracedo-Catoira (Caldas de Reis)" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	74,90



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
2ª	API MOVILIDAD, S.A.	65,58
3ª	SEÑALIZACIONES PEÑA, S.L.	51,46
4ª	SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	50,67

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Balizamento na E.P. 8001 Caldas-Carracedo-Catoira (Caldas de Reis)" á empresa ACENINSA MOVILIDAD, S.A., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado ..... 76.000,00 €  
 IVE (21%) ..... 15.960,00 €  
 Importe Total ..... 91.960,00 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa ACEINSA MOVILIDAD, S.A., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (A84408954) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa ACEINSA MOVILIDAD, S.A. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 3.800,00 €

- 5. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe". (Expte.- 2021004064).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 7 de outubro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra "Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe".



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de outubro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

Rematado o prazo de presentación de ofertas comprobouse que na plataforma de licitación electrónica Vortal non figura ningunha oferta presentada para optar á adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe*".

A Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, declarar deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe*", debido a que, unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, non se presentou ningunha proposición de empresas interesadas na adxudicación deste procedemento aberto simplificado.

**6. Apertura electrónica dos sobre "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "Servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento do Centro de Proceso de Datos de Respaldo (CPDR) da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2022039721).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial con numero 2022007358, de data 17 de outubro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de



acondicionamento do Centro de Proceso de Datos de Respaldo (CPDR) da Deputación de Pontevedra.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 18/10/2022. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realízase mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polas empresas licitantes.

Posteriormente, procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa e ás propostas avaliábeis mediante criterios que precisen un xuízo de valor, achegados polas empresas que participan no procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir a seguinte empresa:

- Internacional Perifericos y Memorias España, SLU (NIF: B-62.758.602)

Empresas non admitidas: Ningunha.

Así mesmo, a Mesa de Contratación acorda dar traslado da proposta correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor aos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías para que avalíen e ponderen a oferta presentada pola empresa, Internacional Perifericos y Memorias España, S.L.U.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta e minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

